

28 de abril  
Día Mundial da Seguridade  
e Saúde no Traballo



Traballo sen risco  
Saúde para tod@s



Confederación  
Xeral do  
Traballo

[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)

@CGT

[rojoynegro.info](mailto:rojoynegro.info)

## 28 de abril. Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo

Este 28 de abril celébrase o Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo. Pouco hai que celebrar se atendemos ao ocorrido durante os últimos meses.

A pandemia deixou ao descuberto as enormes carencias existentes en materia de seguridade e saúde nos centros de traballo. A precariedade laboral, unha vez máis, foi o detonante de numerosos danos á saúde e á vida de miles de traballadores e traballadoras.

Persoal sanitario que se viu obrigado a realizar as súas funcións sen equipos de protección individual, hospitais cheos de traballadores e traballadoras procedentes de supermercados, call centers ou servizos de repartición a domicilio, entre outras moitísimas profesións, e centros de traballo saturados que non cumpriron as máis elementais medidas hixiénicas e de distancia de seguridade.

Por outra banda, as autoridades consideraron que a COVID non era un risco laboral. Isto propiciou que as empresas se lavasen as mans cando, en realidade, na maioría dos casos, a xente contaxiábase nos centros de traballo ou no transporte, tamén saturado.

Por outra banda, a promulgación de diversos Reais Decretos para ordenar este caos tampouco foi efectiva. Cando se expuxo o peche de todo o que non fosen actividades esenciais para a comunidade, foi o empesariado quen decidiu finalmente que era esencial e que non.

Porque a Inspección de Traballo declarouse incompetente á hora de pechar os centros de traballo que non cumprisen coa normativa e, finalmente, as Consellerías de Sanidade, en quen recaía dita responsabilidade, tampouco actuaron. Eran as datas en que se superaba o milleiro de mortos diario.

Porque se antepuxo a economía á vida das persoas. Todo o sistema estaba orientado cara a iso e non bastaron as directrices do Ministerio de Sanidade ou as normas promulgadas para alterar esta lóxica, que levaba xa demasiado tempo instaurada na organización do traballo da maioría das empresas deste país. Porque nada ou case nada do que imperaba na cultura preventiva deste país funcionaba. Todas as mentiras e as presuntas medidas de prevención evidenciáronse nesta pandemia como o que eran: palabrería inútil.

Este ano non contamos con cifras fidedignas que nos axuden a analizar o aumento da sinistralidade laboral. A Covid non entrará nos rexistros porque non se considerou un risco laboral. Con todo, para todas aquelas persoas que non puideron traballar desde os seus domicilios, si que foi un risco ao que se expuxeron por causa e con motivo do traballo.

Debemos traballar para cambiar esa cultura na que o diñeiro está por encima da vida das persoas. Integrar a prevención dentro da actividade laboral, que non sexa simplemente un requisito para “ter a documentación en regra”, para esquivar a acción inspectora e aforrarse unhas sancións que, en demasiadas ocasións, nin tan sequera son propostas, contrariamente ao expresado na normativa en vigor, que indica que a Inspección de Traballo debe propoñer sanción sempre que se menoscabe a seguridade e saúde das persoas traballadoras.

Debemos traballar para que a prevención de riscos se converta nun conxunto de medidas reais e efectivas -reais e efectivas, repetimos, non papel mollado- para protexer a seguridade e saúde das persoas.

**Traballo sen risco**  
**Saúde para tod@s**

**Confederación Xeral do Traballo**

